

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 8, 1-11

Naquel tempo, Xesús saíu para o Monte das Oliveiras. Pero á alborada, presentouse outra vez no templo e toda a xente veu onda el; el sentouse e empezou a ensinar.

Os escribas e fariseos trouxéronlle unha muller sorprendida en adulterio; puxérona no medio e medio e preguntáronlle:

– «Mestre, a esta muller collérona en flagrante adulterio. Moisés, na Lei, mandounos apedrar a esta xente. ¿Ti que dis?»

Preguntábanllo á mala fe para teren así de que o acusar.

Pero Xesús, abaixado, escribía co dedo na terra. Como lle seguían preguntando, ergueuse e díxolles:

– «Quen de entre vós non teña pecado, que lle tire a primeira pedra.»

E, abaixándose outra vez, escribía na terra.

Pero eles, ó que o escoitaron, foron liscando un a un, comezando polos máis vellos. Quedou el só coa muller, que seguía no medio. Ergueuse entón e preguntoulle:

– «Muller ¿onde van? ¿Ninguén te condenou?»

Ela respondeulle:

– «Ninguén, Señor.»

Díxolle Xesús:

– «Tampouco eu non te condeno: vaite e desde agora non peques máis.»